

ABAU 2021
CONVOCATORIA ORDINARIA
CRITERIOS DE AVALIACIÓN
FUNDAMENTOS DA ARTE II
(Cód. 50)

A proba componse de oito preguntas. O alumno debe responder un máximo de catro preguntas, escollidas libremente entre as oito propostas.

As preguntas abarcan tres aspectos básicos:

- A análise do contexto histórico dos artistas propostos. (Preguntas 1 e 5).
- As características estilísticas e formais do estilo ou movemento ao que pertencen as obras propostas. (Preguntas 2 e 6).
- A reflexión persoal sobre as obras propostas. (Preguntas 3, 4, 7 e 8).

CRITERIOS DE CORRECCIÓN

- Criterios xerais de corrección:

- Valorarase a claridade expositiva e a capacidade de relación.
- Terase en conta a comprensión xeral da materia e a súa visión de conxunto.
- Valorarase a capacidade de reflexión persoal do alumno.
- Valorarase a utilización de terminoloxía técnica e o emprego correcto do vocabulario artístico.

- Criterios específicos de corrección:

A puntuación máxima da proba é de 10 puntos e distribuirase da maneira seguinte:

PREGUNTA 1. Caspar David FRIEDRICH e Salvador DALÍ.

Na primeira pregunta a puntuación total é de **2,5 puntos** e nela teranse en conta os seguintes contidos:

1.1. Situar os pintores Caspar David **FRIEDRICH** (Bloque 1. O Romanticismo. B1.6) e Salvador **DALÍ** (Bloque 5. O Surrealismo e outras vanguardas. B5.1 / B5.2), no seu contexto histórico (económico, social, cultural), tendo en conta a distancia que os separa tanto histórica coma culturalmente. Valorarase especialmente se na resposta aclárase a influencia do contexto histórico na traxectoria persoal e artística de cada pintor. (Ata 1,25 puntos).

- Situar o contexto histórico ata: **0,50 puntos**.

- Situar a Caspar David FRIEDRICH no contexto xeral ata: **0,25 puntos**.

- Situar a Salvador DALÍ no contexto xeral ata: **0,25 puntos**.

- Valorarase a claridade expositiva ata: **0,25 puntos**.

1.2. Determinar a traxectoria artística dos dous autores propostos na cuestión anterior. (Ata 1,25 puntos).

- Caspar David FRIEDRICH (a súa traxectoria artística) ata: **0,50 puntos**.

- Salvador DALÍ (a súa traxectoria artística) ata: **0,50 puntos**

- Valorarase a claridade expositiva ata: **0,25 puntos**

PREGUNTA 2. Análise das obras propostas.

Na segunda pregunta a puntuación total é de **2,5 puntos**, nela deberán analizar as obras *Frau am Fenster* e *Figura en una finestra*, tendo en conta os seguintes contidos:

2.1. Describir o estilo de *Frau am Fenstere* e determinar as súas características formais. (1,25 puntos).

- Características do romanticismo alemán ata: **0,75 puntos**.

- Citar outras obras de Friedrich ou doutros artistas ata: **0,25 puntos**.

- Valorarase a claridade expositiva ata: **0,25 puntos**

2.2. Describir o estilo de *Figura en una finestra* e determinar as súas características formais. (1,25 puntos).

- Características da pintura surrealista ata: **0,75 puntos**.
- Citar outras obras de Dalí ou doutros artistas ata: **0,25 puntos**.
- Poderase valorar a claridade expositiva ata: **0,25 puntos**.

PREGUNTA 3. Reflexión persoal.

Na terceira pregunta a puntuación total é de **2,5 puntos** e nela pídese elaborar un comentario ou reflexión persoal sobre *Frau am Fenster* de Caspar David FRIEDRICH, atendendo: ao contido simbólico, á execución técnica, á composición e actitude expresiva do artista, etc.

Exposición clara das ideas sobre:

- Aspectos xerais da obra (contido simbólico, composición, etc.) ata **1 punto**.
- Aportación persoal (intencionalidade expresiva do artista, percepción da obra, etc.) ata: **1 punto**.
- Empleo de terminoloxía específica da arte ata: **0,25 punto**.
- Valorarase a claridade expositiva ata: **0,25 puntos**

PREGUNTA 4. Reflexión persoal.

Na cuarta pregunta a puntuación total é de **2,5 puntos** e nela pídese elaborar un comentario ou reflexión persoal de *Figura en una finestra* de Salvador DALÍ, atendendo: ao contido simbólico, á execución técnica, á composición e actitude expresiva do artista, etc.

Exposición clara das ideas sobre:

- Aspectos xerais da obra (contido simbólico, composición, etc.) ata: **1 punto**.
- Aportación persoal (intencionalidade expresiva do artista, percepción da obra, etc.) ata: **1 punto**.

- Empleo de terminoloxía específica da arte ata: **0,25 punto.**
- Valorarase a claridade expositiva ata: **0,25 puntos.**

PREGUNTA 5. David HOCKNEY e Piet MONDRIAN.

Na pregunta quinta a puntuación total é de **2,5 puntos**, teranse en conta os seguintes contidos:

5.1. Situar os pintores David HOCKNEY (Bloque 10. Os anos 60-70. B10.6) e Piet MONDRIAN (Bloque 5. O Surrealismo e outras vanguardas. B5.9), no seu contexto histórico (económico, social, cultural), tendo en conta a distancia que os separa tanto histórica coma culturalmente. Valorarase especialmente se na resposta aclárase a influencia do contexto histórico na traxectoria persoal e artística de cada pintor. (Ata 1,25 puntos).

- Situar o contexto histórico ata: **0,50 puntos.**
- Situar a David HOCKNEY no contexto xeral ata: **0,25 puntos.**
- Situar a Piet MONDRIAN no contexto xeral ata: **0,25 puntos.**
- Valorarase a claridade expositiva ata: **0,25 puntos.**

5.2. Determinar a traxectoria artística dos dous autores propostos na cuestión anterior. (Ata 1,25 puntos).

- David HOCKNEY (a súa traxectoria artística) ata: **0,50 puntos.**
- Piet MONDRIAN (a súa traxectoria artística) ata: **0,50 puntos**
- Valorarase a claridade expositiva ata: **0,25 puntos**

PREGUNTA 6. Análise das obras propostas.

Nesta pregunta a puntuación total é de **2,5 puntos**, nela deberán analizar as obras *Untitled nº6* e *Bloeiende appelboom*, tendo en conta os seguintes contidos:

6.1. Describir o estilo de *Untitled nº6*, e determinar as súas características formais. (1,25 puntos).

- Características do realismo de Hockney ata: **0,75 puntos**.

- Citar outras obras de Hockney ou doutros artistas ata: **0,25 puntos**.

- Valorarase a claridade expositiva ata: **0,25 puntos**.

6.2. Describir o estilo de *Bloeiente appelboom* e determinar as súas características formais. (1,25 puntos).

- Características da pintura de Mondrian no inicio do neoplasticismo ata: **0,75 puntos**.

- Citar outras obras de Mondrian ou doutros artistas ata: **0,25 puntos**.

- Poderase valorar a claridade expositiva ata: **0,25 puntos**.

PREGUNTA 7. Reflexión persoal.

A puntuación total desta pregunat é de **2,5 puntos** e nela pídense elaborar un comentario ou reflexión persoal de *Untitled nº6* de David HOCKNEY, atendendo: ao contido simbólico, á execución técnica, á composición e actitude expresiva do artista, etc.

Exposición clara das ideas sobre:

- Aspectos xerais da obra (contido simbólico, composición, etc.) ata: **1 punto**.

- Aportación persoal (intencionalidade expresiva do artista, percepción da obra, etc.) ata: **1 punto**.

- Empleo de terminoloxía específica da arte ata: **0,25 punto**.

- Valorarase a claridade expositiva ata: **0,25 puntos**.

PREGUNTA 8. Reflexión persoal.

Nesta pregunta a puntuación total é de **2,5 puntos** e nela pídense elaborar un comentario ou reflexión persoal de *Bloeiente appelboom* de Piet MONDRIAN, atendendo: ao contido simbólico, á execución técnica, á composición e actitude expresiva do artista, etc.

Exposición clara das ideas sobre:

- Aspectos xerais da obra (contido simbólico, composición, etc.) ata: **1 punto**.

- Aportación persoal (intencionalidade expresiva do artista, percepción da obra, etc.)

ata: **1 punto.**

- Empleo de terminoloxía específica da arte ata: **0,25 punto.**

- Valorarase a claridade expositiva ata: **0,25 puntos.**